

NOME CIENTÍFICO

Fagus sylvatica

Descrición:

Árbore de folla caduca que pode acadar os 30-40 metros de altura. Tronco moi recto e copa ovalada. A codia é de cor grisáceo durante a maior parte da súa vida.



136

As súas follas son simples. Con nervios paralelos e de cor verde moi viva. dispóñense en posición moi horizontal.



137



139

Familia: Fagaceae
Orixe: Centro de Europa
Nome común: Faia



138

As súas flores. As flores masculinas crecen agrupadas ao final dun longo peciolo (foto). as femininas sobre un pedúnculo curto.

O seu froito contén xeralmente dúas sementes, alargadas e comestibles. Moi ricas en amidón.

Fagus sylvatica

Hábitat

Precisa de solos frescos e fértiles, preferiblemente calcarios en zonas de elevada pluviometría e humidade. É unha especie de sombra, polo que prefire situarse nas ladeiras escuras das montañas. Atopan o seu límite occidental de distribución en Europa nas serras orientais luguesas.

Usos ou propiedades

O seus froitos son empregados para o engorde do gando e para a extracción de aceite. Tradicionalmente se empregaban as súas follas para o tratamento dos síntomas gripais e diarreas.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

A disposición moi horizontal das súas pólas e follas (para maximizar a captación de luz) fai que non chegue moita luz ao chan e que os faiais sexan lugares moi sombríos, con apenas outras plantas e con abundantes néboas. Debido a isto, os faiais tradicionalmente foron considerados lugares máxicos, onde habitaban seres fantásticos que podían ocultarse á mirada dos curiosos.